



ACHÉGATE Á INTERNET

Programa de alfabetización dixital na Biblioteca Municipal Xosé Neira Vilas

FICHA TÉCNICA

Datas: Martes 11 e xoves 13 de xuño de 2019

Horario: de 10,00 a 12,00 h

Lugar: Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas

Destinatarios: Maiores de 16 anos sen coñecementos básicos de informática ou Internet.

Prazas: 6 participantes

Inscrición: Os interesados en participar nesta actividade poden formalizar a súa inscrición a partir do día 15 do mes anterior á actividade ás 10,30h. A inscrición pode facerse de forma presencial na biblioteca, mandando un correo electrónico a bpneiravilas@vigo.org indicando os seus datos (nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono e correo electrónico) ou ben a través do teléfono 986 267 759. A actividade é gratuíta e as prazas cóbrense por orde de inscrición.

XUSTIFICACIÓN

Preséntase unha nova edición deste proxecto de alfabetización dixital, nun nivel de iniciación básico, pensado para aquelas persoas sen coñecementos sobre o uso do ordenador e de internet. O programa está encadrado dentro das accións de formación, unha das liñas estratéxicas de traballo da biblioteca pública, que ten como finalidade formar a usuarios autónomos na busca/asimilación de información. Dentro destes programas, o bo manexo das novas tecnoloxías é un requisito indispensable para acceder ás novas formas de información, formación e lecer.

OBXECTIVOS

Facilitar e fomentar o acceso á sociedade da información e a comunicación aos cidadáns a través dunha formación específica de calidade e actualizada con dúas liñas básicas:

- Dotar de capacidades e habilidades ás persoas participantes que lles permitan buscar, utilizar e valorar información e ferramentas de comunicación.
- Fomentar o uso de ferramentas telemáticas nos ámbitos cotiáns, administrativos, sociais e participativos do cidadán.

CONTIDO

As sesións terán un contido predominantemente didáctico.

Os monitores que imparten as sesións explicarán de forma clara os contidos a realizar:



Manexo do ordenador

Coñecemento do entorno do sistema

Acceso á Internet

TEXTO PARA A DIFUSIÓN EN FORMATO FOLLETO

Nova edición deste proxecto de alfabetización dixital que ten como finalidade formar a usuarios autónomos na busca/asimilación de información e no manexo das novas tecnoloxías, requisito indispensable hoxe en día para acceder ás novas formas de información, formación, e lecer.

TEXTO PARA A PROMOCIÓN /DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE EN VIGOCULTURA

Preséntase unha nova edición deste proxecto de alfabetización dixital, no nivel de “Iniciación I”, pensado para aquelas persoas sen coñecementos básicos no manexo do ordenador. A súa finalidade é formar a usuarios autónomos na busca/asimilación de información e no manexo das novas tecnoloxías, requisito indispensable hoxe en día para acceder ás novas formas de información, formación, e lecer.

Martes 11e xoves 13 de xuño de 2019 , de 10,00 a 12,00h